

Divulgación en ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas

IX XORNADA

EXPERIMENTA
en feminino



Con motivo do 11 de febreiro,
Día Internacional da Muller e
da Nena na Ciencia

20 de febreiro
de 2026
9.00-18.00 h
Edificio Politécnico
Campus de Ourense

Universidade de Vigo

Campus de
Ourense
Campus Auga

Facultade
de Ciencias

Escola Superior
de Enxeñaría
Informática

Escola de Enxeñaría
Aeronáutica
e do Espazo

Unidade de
Cultura Científica

Unidade de
Igualdade



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

IX XORNADA

eXXPERIMENTA
en feminino



20 de febreiro
de 2026
9.00-18.00 h
Edificio Politécnico
Campus de Ourense

Universidade de Vigo

IX Xornada eXXperimenta en feminino

Divulgación en ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas

Con motivo do 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia

Destinatarios: alumnado non universitario e público en xeral

Data: 20 de febreiro de 2026

Horario: 9.00-18.00 h

Lugar: Edificio Politécnico do Campus de Ourense

Contacto

Enderezo electrónico: exxperimentaenfeminino@uvigo.gal

Programa

Ven co cole pola mañá (con reserva de praza previa) ou cos teus pais pola tarde (entrada libre) á feira eXXperimenta en feminino!

Poderás descubrir a maxia da ciencia e a tecnoloxía da man das investigadoras do Campus de Ourense. Unha oportunidade única que de seguro che permitirá aprender máis sobre a ciencia, a tecnoloxía e a enxeñaría.

16.30 h Charla de Deborah García Bello

Barbies e robots

Salón de actos Marie Curie (entrada libre ata completar capacidade)

Obradoiros

1. Vendo o invisible

Grupo MundoMICRO, Microbioloxía

- Vemos microorganismos da auga.
- Coñecemos aos nosos compañeiros invisibles, para ben e para mal.
- Buscamos antibióticos.
- Aprendemos sobre os problemas do abuso dos antibióticos e da xeración de resistencias a eles.

2. Biorefinando: Química&Valorización

Grupo BioDeSost, Enxeñaría Química

- Na busca do valor oculto da biomasa.
- Contra o envellecemento celular: antioxidantes naturais, hidroxeles e micropartícula.
- Alimentando o noso segundo cerebro: obtención de prebiótico.
- MegaBlocks: obtención de compostos base para a enerxía do futuro.

3. A cor na ciencia

Grupo COLORCHEM, Nutrición e Bromatoloxía

- Creando un arco da vella.
- Usos da cor para avaliar a calidade dos alimentos.
- Antioxidantes naturais, cambios de cor sorprendentes!

4. Resolver o quebracabezas do clima

Grupo Ephyslab, Física da Terra

- Aprendemos como a Física nos axuda a entender a meteoroloxía e o cambio climático.
- Como se forman as nubes e os tornados?
- Como afecta o cambio climático aos océanos?

5. Descubrindo a sustentabilidade na agricultura e na apicultura

Grupo Bioloxía Vexetal, Botánica

- O mel como produto de calidade.
- A loita *insectfriendly* contra a *Vespa velutina* para unha apicultura sostible.
- Reducindo o emprego de fitosanitarios no cultivo da pataca.
- Cultivando variedades resistentes a enfermidades fúxicas coa axuda da aerobioloxía e modelos de predición.

6. Como voa un avión?

Grupo AeroeXXperimenta, Enxeñaría Aeroespacial

- A aerodinámica dos avións e dos foguetes.
- Simulación nun túnel de vento.
- Materiais aeroespaciais.

7. Ti podes programar!

Grupo Informática Intelixente, Enxeñaría Informática

- Aprendemos a programar con ferramentas sinxelas.
- Crea pequenos videoxogos e dirixe avatares.

8. Saca partido do residuo

Grupo SosVal, Enxeñaría Química

- Sabías que os residuos poden ter unha segunda vida?

9. Enzimas: as proteínas bulebole

Grupo FunSuperestructuras, Bioquímica

- A beleza e o poder das enzimas, estruturas increíbles capaces de case todo.
- As enzimas, BULEBULE das reaccións químicas. Coñéceas e aprende a súa importancia na vida cotiá.

10. Un mundo aos teus pés

Grupo TERRA, Edafoloxía e Química Agrícola

- Amosando o noso mundo: a base que sustenta a vida.
- O gran refuxio da biodiversidade.
- Onde se mestura o orgánico e o inorgánico: superreciclador.
- A importancia de coidar o solo.

11. Escape room: Atrapados nunha (bio)refinaría

Grupo BiotecnIA, Enxeñaría Química

- Aprende novas formas de producir enerxía e de obter produtos con procesos respectuosos co medio ambiente e non dependente dos recursos fósiles.
- *Escape room* para aprender os conceptos de refinería e de biorefinaría.

12. Lendo etiquetas para coidar da miña saúde

Grupo consumidores 5.0, Nutrición e Bromatoloxía

- Obradoiros prácticos sobre etiquetado alimentario: aprende a identificar o contido en azucres, graxas, sal e estimulantes que se agocha nos alimentos procesados.

13. ADN á Vista!

Grupo BEANS, Biomoléculas

- Que é o ADN?
- Onde se esconde?
- Sacámolo da froita para velo a simple vista!